# RECURSO ADMINISTRATIVO TRIBUTOS MUNICIPAIS

*(Información e documentación a axuntar ao reverso do impreso)*

FENE
CONCELLO
www.fenecidadan.net

## Solicitante

| Apelidos e nome ou razón social [1] | NIF/CIF |
|---|---|
| | |

## Representante (se é o caso)

| Apelidos e nome do representante [2] | NIF |
|---|---|
| | |

## Datos para notificacións

| Enderezo de notificación | | Código Postal |
|---|---|---|
| Municipio | Provincia | |
| Correo electrónico | Teléfono | Fax |

## Datos do recibo/liquidación recorrido

| Concepto (lixo, vado, cemiterio, outros) | Núm. Fixo recibo/liquidación | Ano |
|---|---|---|
| Enderezo do ben inmoble | Ref cat | importe |
| Titular do recibo/DNI | Novo titular/DNI (no caso de cambio / erro na titularidade) | |

**Motivo do recurso:** (marque cunha X)

Duplicidade de recibos

Non ser propietario/a do inmoble (venda, herdanza, cese aluguer, outros)

Erro dirección tributaria (obxecto tributario)

Notificación de prema, embargo

inhabitabilidade do inmoble (ruína)

Outros:

**Exposición de feitos e razóns** (faga constar os feitos e razoamentos nos cales funda a súa petición)

**Petición:** (marque cunha X)

☐ Anulación recibo ☐ Baixa do titular no Padrón ☐ Anulación embargo ☐ Outras peticións

(concrete aquí a súa petición do xeito mais claro e breve posible):

Fene, a de de 20

Asdo [3]. (sinatura do interesado ou representante)

C.I.F.: P-1503600-G

## Documentos (copia) que deberá presentar coa solicitude

1. NIF/CIF do titular.
2. NIF do representante.
3. Documento que acredite a representación, no seu caso.
4. Recibo/s do tributo que se reclama.
5. Último recibo IBI (contribución) no caso de ser propietario do inmoble.
6. Documentos xustificativos da propiedade do ben inmoble: escritura compra-venta, testamento, certificado de defunción, escritura de aceptación da herdanza.
7. Outra documentación xustificativa do recurso (contrato de aluguer, alta/baixa censal IAE, etc.).

## Normas para a cumprimentación da solicitude

**(1) Apelidos e nome ou razón social:** No caso de persoa xurídica deberá consignarse o nome da Sociedade ou Entidade, nunca o nome comercial ou nome do Director, Xerente ou Apoderado.
**(2) No caso de representante:** Debe presentarse coa solicitude unha fotocopia do NIF do representante e os documentos que acrediten a representación.
**(3) Sinatura:** No caso de persoa xurídica esixirase a sinatura do representante/s legal/is.

## Outra información

- A persoa propietaria da vivenda ou local a 1 de xaneiro de cada ano é o suxeito pasivo da taxa de recollida de residuos sólido urbanos (lixo) e ten a obriga do pago da mesma.
- No caso de aluguer de vivenda ou local a persoa obrigada ao pago é o propietario do inmoble que poderá repercutir as cotas xa pagadas sobre o usuario daquel.
- No caso de cese de aluguer ou de actividade a persoa obrigada ao pago da taxa de lixo é o propietario/a do inmoble que no caso de locais comerciais deberá pagar a cota anual da última actividade desenvolvida no local.
- No caso de que o titular do recibo non sexa o propietario/a do inmoble a 1 de xaneiro deberá xustificar o motivo: venda do inmoble, cese aluguer e cese da actividade, defunción do titular etc.
- A baixa do inmoble no Padrón de lixo (vivenda ou local comercial) só poderá solicitarse no caso xustificado de que o inmoble non sexa susceptible de ser habitado(ruína) polo que no resto dos casos será obrigado o seu pago pola persoa propietaria.

De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámoslle de que o Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é CONCELLO DE FENE, con dirección PRAZA DO ALCALDE RAMON SOUTO GONZALEZ S/N, 15500 - FENE (A CORUÑA); SECRETARIA@FENE.GAL.
1.- dpo: O Delegado de Protección de Datos do CONCELLO DE FENE é Servizos de Adaptación Continua en Protección de Datos RB, S.L. có que poderá contactar en SECRETARIA@FENE.GAL.
2.- finalidade do tratamento: Os datos serán utilizados para prestarlle o servizo solicitado na presente instancia.
O feito de que non nos facilite parte da información solicitada poderá supoñer a imposibilidade de prestarlle o servizo solicitado
Prazo de conservación: os datos facilitados conservaranse durante o tempo necesario para poder atender a súa solicitude, así como para dar cumprimento legal ás xestións administrativas derivadas da prestación do servizo
3.- lexitimación: Este tratamento de datos persoais está lexitimado polo consentimento que nos outorga ao realizar a solicitude de prestación do servizo.
4.-destinatarios de cesións: CONCELLO DE FENE non cederá os seus datos de carácter persoal.
5.- dereitos: Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento e solicitar a portabilidade dos mesmos.
CONCELLO DE FENE dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, nas nosas instalacións ou por correo electrónico en SECRETARIA@FENE.GAL, sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade.

C.I.F.: P-1503600-G